

RURAL SUPPLIES

Sustentable solutions for very small water supplies

O obxectivo deste proxecto é **fortalecer o mantemento da subministración de auga en pequenas poboacións** de comunidades rurais dispersas, garantindo en todo momento a súa calidade para o consumo humano. Tamén se busca iniciar o desenvolvemento de accións innovadoras de carácter demostrativo que melloren a subministración mediante sistemas de abastecemento descentralizados.

O beneficio que se espera obter deste proxecto é a mellora da calidade da auga de consumo humano en núcleos de poboación pequenos que non están obrigados a cumprir a normativa que regula este tipo de augas.

A Consellería de Sanidade participa no proxecto **coordinando a súa xestión xunto co Concello de Abegondo**, co compromiso de elaborar e implementar un programa de control e xestión dos pequenos abastecementos rurais, así como a análise e avaliación dos sistemas de abastecemento en núcleos de poboación pequenos.



Máis información:

- [Web da convocatoria](#)